

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE O PINO PARA O ACONDICIONAMENTO DO ACCESO Á PARADA DO AUTOBÚS INTERURBANO EN SANTISO (CASTROFEITO), TERMO MUNICIPAL DE O PINO

---

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDOS

Dunha parte, Don Diego Calvo Pouso, na súa condición de conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Don Manuel Taboada Vigo, na súa condición de Alcalde do Concello de O Pino, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a letra b) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento deste convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** A Comunidade Autónoma de Galicia ten, entre as súas competencias exclusivas, as obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia, así como a do transporte por estrada non incorporado á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma, ao abeiro dos apartados sete e oito do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de





abril. Pola súa parte, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia, entre outros aspectos, de mobilidade, ao abeiro do artigo 1 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**SEGUNDO.-** O Concello de O Pino exerce como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as de tráfico, estacionamento e mobilidade, ao abeiro da letra g) do apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**TERCEIRO.-** A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sustentable, que ten, como un dos seus obxectivos, o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Neste sentido, propóñense melloras nos accesos e na seguridade das paradas de autobús, especialmente en zonas interurbanas. A Estratexia Galega de Mobilidade foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 6 de maio de 2024.

**CUARTO.-** O Concello de O Pino, en liña con esta mesma estratexia, considera que o acondicionamento da parada do autobús interurbano previsto suporá unha mellora da accesibilidade e conectividade da parada de autobús interurbano que reverterá nunha mellor calidade de vida para o conxunto da cidadanía, permitindo un adecuado transvase modal entre o vehículo automóbil privado e o transporte público colectivo, contribuíndo dese xeito á implantación dunha cultura da mobilidade sostible na cidade.

**QUINTO.-** O interese público e social da actuación xustifícase pola necesidade de mellorar a seguridade e a funcionalidade do acceso á parada interurbana de Santiso, nun punto de circulación con elevada intensidade de tráfico e carencia de espazo suficiente para as manobras dos autobuses.

O proxecto forma parte da estratexia da Xunta de Galicia en materia de mobilidade sostible, recollida na Estratexia Galega de Mobilidade, aprobada polo Consello da Xunta o 6 de maio de 2024.





Deste xeito, o convenio permite actuar de forma coordinada entre administracións, garantindo unha execución áxil e eficiente e contribuíndo ao obxectivo xeral de fomentar un modelo de mobilidade máis seguro, sustentable e accesible.

**SEXTO.-** Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**SÉTIMO.-** Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de O Pino co fin de que esta entidade local poida realizar as obras que se describen neste convenio.

**OITAVO.-** O Concello de O Pino cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto do convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de O Pino, que permitan a este concello licitar, adxudicar e executar as obras para o acondicionamento do acceso á parada do autobús interurbano en Santiso (Castrofeito) no termo municipal de O Pino, nos termos establecidos na memoria valorada que se inclúe como anexo I deste convenio.





## SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

A memoria valorada, que se inclúe como anexo I deste convenio, recolle as actuación para mellorar o acceso á parada de autobús en Santiso (Castrofeito), con 7 cm. de aglomerado en quente tipo AC16 B50/70 surf (140,88 Toneladas en total), previo bacheo con grava e tratamento superficial e previa ampliación da entrada e saída do acceso.

Previamente nas zonas de entronque cos viarios existentes realizarase un fresado do pavimento e nas zonas de ampliación estenderase unha capa de 50 cm. de solo seleccionado, 15 cm. de grava, tratamento asfáltico semiprofundo e os 6 cm. de aglomerado en quente.

Ademais na zona de acceso á zona da parada de bus dende a estrada nacional, existen 10 m. de barreira de seguridade (incluídos 4 m. de abatemento) os cales se retirarán e os 4 m. do abatemento serán recolocados na barreira existente, gañando deste xeito espazo no acceso, facilitando as manobras dos autobuses e aumentando a seguridade viaria.

Finalmente contéplase a sinalización horizontal co pintado de liñas de bordo e símbolos e a colocación de 3 sinais de "Ceda o Paso" e 2 "Stop".

Estas actuacións rematan a uns 10 metros, na marxe dereita, da estrada N-634 a altura do P.Q. 708+500.

## TERCEIRA.- CUSTO ESTIMADO DAS ACTUACIÓNS

O orzamento necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio estímase en VINTE E UN MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (21.480,89 €) IVE incluído. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación das obras máis o IVE.

Para as actuacións necesarias para levar a cabo as obras relativas ao dito proxecto, estímase as seguintes anualidades orzamentarias:

Ano	PBL sen IVE	PBL con IVE
2025	17.752,80 €	21.480,89 €
<b>Total</b>		<b>21.480,89 €</b>





A operación será cofinanciada por ambas administracións nos porcentaxes que se indican a continuación:

- 80% do orzamento base da licitación das obras, IVE incluído, será financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.7600 (2016 00296) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.: 17.184,71 €.
- 20% do orzamento base da licitación das obras, IVE incluído, será financiado polo Concello de O Pino: 4.296,18 €.

Esta axuda, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións de acordo co artigo 40.1 do Decreto 11/2009. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

Autorízase ao Concello de O Pino, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% das obras obxecto de subvención para os efectos do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asume os seguintes compromisos:

1. Asumir, ata o límite establecido na cláusula terceira, o custo da execución das obras, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execución dos traballos. Os aboamentos parciais que se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.
2. O custo asumirase con cargo á partida orzamentaria 05.08.512A.7600 (2016 00296) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2025.

#### QUINTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE O PINO

O Concello de O Pino asume os seguintes compromisos:





1. Prestarlle aprobación ao proxecto básico e de execución das obras, con remisión do acordo de aprobación polo órgano municipal competente á Dirección xeral de mobilidade con carácter previo ao inicio das mesmas.
2. Financiar as obras executadas polo Concello de O Pino ao amparo da "Memoria valorada para o acondicionamento do acceso á parada do autobús interurbano en Santiso (Castrofeito) no termo municipal de O Pino nos termos indicados na cláusula terceira.
3. A execución das actuacións debe cumprir os seguintes requisitos:
  - a. Dispoñer dos terreos e infraestruturas necesarias, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula segunda
  - b. Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o promotor e beneficiario destas actuacións.
  - c. Levar a cabo a contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas na documentación técnica da memoria valorada, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula terceira.
4. Xustificar a realización das actuacións que se realizaron e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
5. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/introducion>

Ademais fará constar a cooperación da Administracións Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións obxecto do convenio, tanto nas reunións e nos medios de comunicación como no material que se puidera distribuír.





6. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
7. Presentar unha declaración responsable de que non concorren as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que imposibilitan para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública.
8. Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
9. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.
10. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
11. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

## SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e un representante do Concello de O Pino para interpretar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das cláusulas do convenio.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio.

## SÉTIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese o Concello como





consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

## OITAVA.-XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de O Pino deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
  - a) Facturas e, de ser o caso, certificacións de obra con relación valorada e tramitada conforme o procedemento que rexe para a Administración local e a acta da recepción das obras.
  - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:
    - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
    - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.





- c) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:
- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
  - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondente á execución do proxecto subvencionado.
  - Que, segundo informe da secretaría do Concello, na tramitación e contratación das obras se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.
- d) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais:
- Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
  - Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, segundo o modelo do anexo II deste convenio, colocados nun sitio visible no lugar das actuacións.
- e) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:
- Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.





- Copia compulsada da resolución de adjudicación da obra ou subministración, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

- f) O número da conta bancaria para efectuar a transferencia.
2. A Dirección Xeral de Mobilidade poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
  3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 10 de decembro de 2025.
  4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A xustificación deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, a través do modelo PR004A: <https://sede.xunta.gal>,

5. O pagamento realizarase unha vez que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes verifique que a xustificación é correcta.

## NOVENA. EFECTIVIDADE DOS PAGAMENTOS

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.





2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmentemente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao asinar electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

#### DÉCIMA. PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN

1. Producirase a perda do dereito do Concello de O Pino ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma exixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:





- Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión. Para estes efectos, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen partidas, conceptos ou elementos que representen un importe inferior ao 60 % sobre o orzamento inicial ou unha modificación deste debidamente autorizada polo órgano concedente.

Exceptúase aquel suposto en que a redución co custo final da execución do proxecto derive dunha baixa no prezo de adxudicación do contrato.

- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación das subministracións que constitúen o obxecto da subvención.

c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

## DÉCIMO PRIMEIRA. REINTEGROS

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o Concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.





d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.

e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

#### DÉCIMO SEGUNDA. FACULTADES DE INSPECCIÓN

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

#### DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA E DURACIÓN

Sen prexuízo do establecido na cláusula sétima, este convenio perfeccionase coa súa subscripción e producirá efectos dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico que serve de base para realizar as obras.

En todo caso, a eficacia do convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN

As modificacións do convenio formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O non cumprimento do seu obxecto.





- b) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- c) O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.
- d) Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

#### DÉCIMO CUARTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá exixir ningunha responsabilidade, nin directa nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan no seu desenvolvemento.

#### DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistro públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.
3. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.





## DÉCIMO SEXTA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento ( UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

## DÉCIMO SÉTIMA. NORMATIVA APLICABLE

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e demais normativa de aplicación.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6.2, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto normativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos que puideran derivarse da aplicación do convenio deberán resolverse pola comisión de seguimento.

Se non se puidese acadar un acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa.





En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes

O alcalde do Concello de O Pino

Diego Calvo Pouso

Manuel Taboada Vigo





## ANEXO I

Descrición	Importe
01. Acondicionamento acceso parada de bus en Santiso (Castrofeito).....	14.778,89
XR Xestión de residuos.....	139,43
<b>PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL.....</b>	<b>14.918,32</b>
13,00 % Gastos xerais.....	1.939,38
6,00 % Beneficio industrial.....	895,10
<b><i>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen I.V.E.).....</i></b>	<b>17.752,80</b>
<i>Ascende o Presuposto Base de Licitación sen I.V.E. á expresada cantidade de DEZASETE MIL SETECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS con OITENTA CÉNTIMOS</i>	
21,00 % I.V.E. ....	3.728,09
<b><i>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (con I.V.E.).....</i></b>	<b>21.480,89</b>
<i>Ascende o Presuposto Base de Licitación con I.V.E. á expresada cantidade de VINTE E UN MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS con OITENTA E NOVE CÉNTIMOS</i>	





ANEXO II

**MODELO CARTEIS INFORMATIVOS**

**MEDIDAS FORMATO ESTÁNDAR A1**

**OBRA FINANCIADA (OU CONFINANACIADA, *segundo corresponda*) POR:**



**OBRA:.....(Nome da obra)**

**DIRECCIÓN FACULTATIVA: NOMES E APELIDOS**

**EMPRESA ADXUDICATARIA: NOME DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

**ORZAMENTO:.....€**

**DATA DE INICIO: DD/MM/AAAA**

**PRAZO DE EXECUCIÓN:.....MESES**

